Para crear memoria colectiva naturalista temos que darlle visibilidade ao patrimonio natural traballado. Por iso, ao remate de cada actividade a difundimos no blog, no Facebook e no Twitter e incluso, tivemos a colaboración na creación e difusión de diversas asociacións e familias, que ata crearon canles de Youtube.



Foto 16 : Canal Youtube, documentación con Rafa Loureiro, o lobo en Caperucita, difusión no blog, I Saída Intergeneracional



ACTIVIDADES MENSUAIS "APRENDENDO, NATURALMENTE!"		
MES	EN VALOR	ACTIVIDADES
Outubro	Documentación	<ul style="list-style-type: none"> - Conversas co equipo de biblioteca para consensuar ideas, darlle forma ao proxecto... - Reunións con algúns axentes sociais para informámos e documentámos a grandes rasgos - Selección de bibliografía e xogos para o PDI
Novembro	Información/ identificación	<ul style="list-style-type: none"> - Reunións co claustro e os equipos. - Reunións con comisión da biblioteca e diversos axentes sociais: asociacións, Concello de Cedeira... - Selección de flora e fauna da contorna - Inicio dunha documentación máis exhaustiva por parte do equipo de biblioteca e coa colaboración do resto dos equipos, profesorado - Identificación de especies vivas. - Prexuzos do turismo - Patos Vivos - Algunhas titulacións identifican o nome do seu alumnado cun animal ou planta da contorna
Outubro	Actividades de inicio:	<ul style="list-style-type: none"> - Escrita de receitas de outono con frutas de tempada. Escritura e lectura dun texto instrutivo. - Pasado a limpo das receitas a ordenador - Realización das receitas - Obradoiro con produtos de tempada e reciclados - Estratexias para navegar na rede - Reunión e posta en marcha do voluntariado escolar - Merca de fondos bibliográficos
Novembro	Documentación	<ul style="list-style-type: none"> - Creación de club de ciencias e solicitude de colaboradoras/as - Proceso: documentación, recollida de lavanda e aceite - Obradoiros audiovisuais animais - Solicitase a colaboración do voluntariado no deseño de obradoiros, algúns deles sobre o PDI - Buscamos información. - Rutinas de pensamento:
Decembro	Presentación proxecto comunidade educativa	<ul style="list-style-type: none"> - Presentación do proxecto á comunidade educativa - Rexito de avolución inicial á comunidade educativa - Provocación e instrucións "Quen vive no bosque?" - Deseño de carteis para a difusión das diversas actividades - Nota informativa ás familias. - A xeira da vila tamén nos documenta. Enquisa. - Remata o proceso, da sembra ao cativo de lavanda da nosa horta. - O lebo dende o conto de Carrapuchiña Vermella, a través da tertulia dialóxica e os obradoiros en familia. - Obradoiro de neve - Patos Vivos
Xaneiro	ESCRITA: Desenho I Roteiro Interxeneracional, documentación... ...	<ul style="list-style-type: none"> - Documentación, fondos, bibliografía. - Recollida de datos - Volta a solicitar a colaboración da comunidade educativa - Reunión do equipo de biblioteca con Rafael López Loureiro e Alvaro Pérez Pérez - Deseño do roteiro - Charla informativa: A importancia de conservala semenza - Provocación: "Un año en el bosque" de Emilia Dziubak - Deseño actividades dos patos vivos - Escrita e comprensión lectora de instrucións - Patos Vivos "Naturalmente, aprendendo!"
Fevbreiro	EXPRESIÓN ORAL: Radio, escrita, salidas...	<ul style="list-style-type: none"> - Saída ruta interxeneracional Praia da Magdalena - O lebo dende o conto de Ricitos de oro e os tres osos, a través da tertulia dialóxica e os obradoiros en familia. - Documentación oral aves e paxaros da contorna. - Semaines e inventos - Iniciación ao ventilo con Geraldine Jones - Fósiles de dinosauros - Saída senda litoral do Condónicas - Actividades gráficas en cadernos, fechas... - Rutinas de pensamento. - Escrita de estacetas para a rede. - Ensaios para mellorar a expresión oral, entonación, pausas... - Poesía e rimbombos con Geraldine Jones
Marcos	RADIO EXPERIMENTAL - PROGRAMA - TEATRO	<ul style="list-style-type: none"> - Gravamos o programa Radio Experimental: "Estamos de aves e paxaros" - Reciclad e aceite usado - Recollida de reciclados - Preparación ruta Fraga dos Casais – Deseño cartaxes, contactos, difusión... - Charla informativa e obradoiro: Produtos da horta - A migración das aves – Obradoiro de teatro - Áulas abertas en infantil - Dia do Naturalismo galego, Martín Samartino, obradoiro sobre flora e fauna - Obradoiros en familia, gaiteiras de dinosauro - Máis fondos para o PDI - Actividades gráficas: fauna. - Debuxos en 3D coa aplicación QuiverVision.com - Lectura do libro "Detox da terra, Detox do agua" de Aleksandra Mizielinska e Daniel Mizielinski, Editorial Maeva.
Abril	CADERNO DE CAMPO - RUTAS - HORTA	<ul style="list-style-type: none"> - Plantando semenza - II Ruta Interxeneracional Praia dos Casais - Cadernos de campo – Inicio - Clasificación de especies. - Escrivínanos e debuxámos diferentes ciclos de plantas e animais (metamorfise) - Xogos de mesa en familia. Animais e reciclação. - Contacontos The Very Hungry Caterpillar - Obradoiro paleontoloxía - Caderno despregable interactivo - Cadernos de campo con Canva - Plantámos na horta
Maio	ÁLBUM E CRÓMOS FLORA E FAUNA	<ul style="list-style-type: none"> - Álbuns flora e fauna, deseño do equipo de biblioteca, fotografías de Rafael López Loureiro, colaboración do Concello de Cedeira - Contacontos "O dragón Zog" - Que ves tras a ventá? - Ilustración e observación - Páxinas de preparación - Saída do Green Club - Cadernos de campo - Continuación
Maio	ORGANIZACIÓN DO DOCUMENTACIÓN E ESCRITA NOS CADERNOS DE CAMPO - CANLE EN YOUTUBE	<ul style="list-style-type: none"> - Tertulia e obradoiros con Antón Cortizas: creación de chifres con sons de páxaros... - Observación: ovos, paxaros e documentación - Gráficos interactivos coas familias sobre o proxecto - Ciclos, observación e recollida de información: enigmas/botoretas, tentellas, bichos palo... - Cartel de YouTube creada por unha familia, conversas, visionado, documentación,... - Cambios de crónicas do álbum, lectura, información... - Creación dunha canle informativa por parte dunha familia - Carriga do berberecho - Salida castelo e museo - Contos sobre animais con Antón Cortizas - Recibimos máis documentación da man de Arce (Amigos dos ríos de Cedeira). Paxarinhos - Roteiros saudables en colaboración co departamento de E.F. - Cadernos de campo
Xuño	PADLET E XINCANA COA COMUNIDADE EDUCATIVA POLA PRAIA DA MAGDALENA	<ul style="list-style-type: none"> - Continuamos traballando nos cadernos de campo - Salida didáctica ariego e museo das ciencias - Observámos como remata algún dos ciclos: eruga/botoreta... - Creación dun mapa con probas que abrancan todos os sentidos, na praia da Magdalena. - Deseño da xincana - Creación dun grupo e organización - Creación dun Padlet interactivo - Sesión de xincana coa comunidade educativa pola praia da Magdalena sobre o PDI. - Caderno de campo Castro Sandal - Invitación e cartaxes para a exposición e acto final. - Difusión



Foto 17: Actividades diversas no PDI

>>> 6.- RECURSOS UTILIZADOS ASÍ COMO UNHA ENUMERACIÓN DETALLADA DAS PRINCIPAIAS FONTES CONSULTADAS PARA A INVESTIGACIÓN:

RECURSOS:

- **Humanos:** Profesorado (todos titoras e especialistas e os diferentes equipos), familias, comunidade educativa, Concello de Cedeira, asociación Arce (Amigos dos ríos de Cedeira), asociación Lugares Comúns, museo "Mares de Cedeira", naturalistas: Rafael López Loureiro, Álvaro Pérez Pérez e Antonio Martínez Pernas; **biólogas**: María José Leiras Ambrós, Victorina Rey Quintiana e Mari Carmen Rodríguez Tizón; Chema de Couzadoiro, familias dos grupos interactivos e da Biblioteca Humana, alumnado colaborador e xentes do pobo.

- **Espazos:** aulas ordinarias, biblioteca escolar, biblioteca municipal, Radio Experimental e Radio Voz, Museo "Mares de Cedeira", espazos naturais: Praia da Magdalena, Río Condomiñas, Bosque de Ribeira, Castelo da Concepción e Castro Sarridal, Ladrido - Ortigueira, museos de ciencias e Aquario en Coruña, aula de teatro, corredores do espazo argalleiro, CEIP...

- **Materiais:** fondos bibliográficos da biblioteca e incluso aportacións de asociacións, Concello.., material funxible, cadernos, prismáticos, legos, xogos didácticos, utilización de material de Polos creativos...

- Informáticos e dixitais:

Ordenadores táctiles e impresora	Robótica: Mbot, ipads...
Blog da biblioteca escolar	Redes sociais: Facebook e Twitter
Cámara fotográfica e de video	Ferramentas de Google: drive, youtube, correo electrónico, maps...
Wetransfer	Móbiles persoais
Editores de video: Quick, Movie Maker, iMovie, Vivavideo...	Aplicacións: Canva, Genially, Padlet, apps para identificación de especies e trinos, aplicacións de realidade aumentada, Word Art, Google maps, QuiverVision.com, xenerador de códigos QR



Foto 18: Recursos escrita e dixital

FONTES:

- Fotografías e fontes orais.

- **Bibliografía:** (a máis relevante)

- Penas Patiño, Xosé Manuel, 2004, Guía das aves de Galicia, Editorial Baía Verde
- Julivert, María Angels, 2009, Las aves (Guía de campo), Parramon
- Davies, Nicola, 2007, Aves, Baía Edicións
- Silvar, Carlos, 1996, Paxaros e Aves, A nosa terra
- Zoomer, Yuval, 2019, El gran libro de las aves, Juventud
- Gutiérrez, Xulio e Fernández, Nicolás, 2008, Bocas. Animais extraordinarios, Editorial Kalandraka
- Gutiérrez, Xulio, 2019, Viaxeiros. Animais extraordinarios. Factoría K de libros
- GoDaddy.com, LLC, 2004, Macaulay Library, <https://www.macaulaylibrary.org/>
- Network Solutions, LLC, 1997, SeoBirdLife. Guía de Aves, <https://seo.org/guia-de-aves/>
- Andrés, Miguel Angel, 2015, dbicheros, <http://www.dbicheros.com/>
- López Loureiro, Rafael, 2008, Ao noroeste do Noroeste, <https://costaartabra.blogspot.com/>
- Prieto Espiñeira, Xabier, 2011, Bichos e demais familia, <https://bichosedemaisfamilia.blogspot.com/>
- Presa, Juanda, 2006, Grupo Naturalista Hábitat, <https://gnhabitat.org/>
- Madroño, Alberto/González, Cristina, Atienza, Juan Carlos. Sociedad Española de Ornitología. SEO/BirdLife, 2004, El libro rojo de las aves de España, https://www.miteco.gob.es/es/biodiversidad/temas/inventarios-nacionales/lrcompletoparaweb_tcm30-207942.pdf

- **Musicais:**

- Interpretación do alumnado da Alborada de Rosalía, partindo da proposta da Casa de Rosalía. Partitura.
- Poesías e lendas musicadas recollidas da tradición oral da nosa vila. Documentación oral das nosas avoas e avós, algunas recollidas no "Álbum de cromos da flora e fauna de Cedeira".

- **Artísticos:**

- Taracido Adrián , López Loureiro, Rafael e Barros, Álvaro, 2023, Caderno de campo das praias de Cedeira, Rampla Rampla.
- Taracido Fernández, Adrián, 2018, Colorea Cedeira, Rampla.
- Ramil Díaz, André, 2022, Ilustracións e exposición "Paxaros".
- Ramil Díaz, André, 2021, Xogo didáctico e cooperativo Paxaros-Hegazti-Ocells-Pájaros-Birds.
- Ramil Díaz, André, 2021, Xogo Paxaros II.
- Tokio, Alfredo, 2022, Xogo parellas mamíferos mariñeiros.



Foto 19: Cartaz proxecto

>>> 7-. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA NO SEU CASO:

“Naturalmente, aprendendo” nace e medra gracias á rede que se tece entre a Biblioteca Escolar e os naturalistas, a participación de toda a comunidade educativa, o Concello de Cedeira e as asociacións, a implicación total das familias, o Museo “Mares de Cedeira”, e diversos axentes sociais da nosa vila que deixaron o seu legado, e os sentimento s e as emocións que moveron a todo o alumnado e profesorado que participou e que crearon un terreo común no que as comunidades se atoparon e se apoiaron para proteger e valorar a nosa paisaxe, a súa flora e a súa fauna.

>>> 8-. DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA:

Dende o inicio ata o fin do proxecto se divulgaron todos os traballos realizados por diferentes medios de comunicación: blog da Biblioteca Escolar “Carlos Labraña”, web e Facebook do Ceip Nicolás del Río e Facebook e Twitter da Biblioteca “Carlos Labraña”, Radio Experimental, Radio Voz, anuncios no Whatsapp do Concello de Cedeira, Abalar Móbil... Tamén se realizou cartelería, dípticos, cartas... para convocar ao pobo .

Foto 20: Documentación karen da asociación Arce



DIFUSIÓN "NATURALMENTE, APRENDENDO!"

TAREFAS	DIFUSIÓN
DOCUMENTACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> <u>Protocolo Medio Ambiente</u> <u>Presentación do proxecto á comunidade educativa e rexistro de avaliación inicial</u> <u>Documentación, fondos, bibliografía</u> <u>Biólogas Arce - Documentación: Bosque de Ribeira</u> <u>Visita e documentación con Rafael López Loureiro</u> <u>Paxariños, documentación da man de Arce</u> <u>Do mar vívese</u> <u>Patios Vivos 1, Patios Vivos 2, Patios Vivos "Naturalmente, aprendendo!"</u> <u>Cociña: receitas con froita</u> <u>Estratexias para navegar na rede - Polo Correo do Vento</u> <u>- Ciberseguridade</u>
ANÁLISE	<ul style="list-style-type: none"> <u>Recollida e análise de datos</u> <u>Provocación e instruccións "Quén vive no bosque?"</u> Proceso completo: <u>documentación, recollida de lavanda da nosa horta, aceite e creación de xabón.</u> I Ruta Intergeneracional, a comunidade educativa con <u>Rafael López Loureiro</u> e Álvaro Pérez Pérez. Saída ruta intergeneracional Praia da Magdalena II Ruta Intergeneracional Fraga dos Casás, con Antonio Martínez Pernas. <u>Difusión, cartaz.</u> Obradoiro de castañas Obradoiro taumotropos Colaboración do alumnado no deseño de obradoiros e faladoiros Obradoiro de neve Provocación: "Un año en el bosque" de Emilia Dziubak Sementes e inertos coa Asociación Lugares Comunes Iniciación ao vimbio con Geraldine Jones, Poesía e vimbio con Geraldine Jones Fósiles de dinosauros Saída senda litoral do Condomínio Reciclaxe aceite usado co Concello de Cedeira Recollida de reciclados A migración das aves: obradoiro de teatro con Simone Jenkinson
PRODUTO FINAL	<ul style="list-style-type: none"> Programa Radio Experimental: <u>Étimos de aves e paxaros</u> <u>Álbum de cromos flora e fauna</u> co <u>Concello de Cedeira</u> e Rafael López Loureiro, <u>participa todo o alumnado</u> da escola. <u>Cambian cromos repetidos cos compañeir@s</u> <u>Cadernos de campo</u>, <u>Inicio - Caderno despregable interactivo</u> - <u>Cadernos de campo con Canva</u> - <u>Máis cadernos de campo - Continuación - Caderno de lapelas PDI - Caderno de campo Castro Sarridal</u> Creación dunha canle informativa, de Youtube, por parte dunha familia: <u>Agardando a primavera, De insectos e reptís, De bolboretas e xoaniñas, Nacen as Papilio machaon, De museos, bolboretas e pitos, De metamorfose, De avelañas, E veña eirugas, Como é unha crisálida de Papilio machaon?, A eclosión de Solpor Papilio machaon, Por unha fraga de Folgoso (Xermade), Fraga dos Casás (Cerdido), Pieris brassicae, De eiruga a crisálida, Imos ver se nace un sírfido logo..., A miña pequena experiencia criando bolboretas</u> Xincana coa comunidade educativa pola praia da Magdalena sobre o PDI, <u>en grupos de alumnado con adultos. Deseño dun mapa e un padlet interactivo, onde van cargando as actividades realizadas</u>

>>> 9.- AVALIACIÓN REALIZADA EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E AS COMPETENCIAS CLAVES DO CURRÍCULO, ENTRE OUTROS ASPECTOS. PROCEDIMENTOS EMPREGADOS:

Amósase unha táboa cos procedimentos e instrumentos de avaliação más relevantes, pois a amplitude do proxecto fai complicada a avaliação se non limitamos os criterios, seleccionando os más relevantes tendo en conta a diversidade de idades do alumnado.

AVALIACIÓN "NATURALMENTE, APRENDENDO" PATRIMONIO NATURAL: FLORA E FAUNA

COMPETENCIA PERSONAL, SOCIAL E DE APRENDER A APRENDER CPSAA	COMPETENCIA CÍDADA CC	COMPETENCIA PLURILINGÜE CP	COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA CCL	COMPETENCIA DIXITAL CD	COMPETENCIA EMPRENDEDORA CE	CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS CCEC	COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA, TECNOLOGÍA E ENXENERÍA STEM	PROCEDIMENTO	INSTRUMENTO
	CA1.2 Buscar e seleccionar información de diferentes fuentes seguras e fiables, adquiriendo léxico científico básico e utilizando-a en investigaciones relacionadas co medio natural.		CA1.2. Buscar e seleccionar información de diferentes fuentes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico e utilizando-a en investigaciones relacionadas co medio natural.	CA1.2. Buscar e seleccionar información de diferentes fuentes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico e utilizando-a en investigaciones relacionadas co medio natural.		CA1.2. Buscar e seleccionar información de diferentes fuentes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico e utilizando-a en investigaciones relacionadas co medio natural.		Análise das producións dos alumnos e alumnas	Producións orais e autoavaliamóns individuais e grupais
CA3.6. Producir en lingua galega textos escritos e multimodais sínxelos e coerentes en distintos soportes...individuais ou grupais, de planificación, redacción e revisión, contando a presentación.	CA3.6. Producir en lingua galega textos escritos e multimodais sínxelos e coerentes en distintos soportes...individuais ou grupais, de planificación, redacción e revisión, contando a presentación.		CA3.6. Producir en lingua galega textos escritos e multimodais sínxelos e coerentes en distintos soportes...individuais ou grupais, de planificación, redacción e revisión, contando a presentación.	CA3.6. Producir en lingua galega textos escritos e multimodais sínxelos e coerentes en distintos soportes...individuais ou grupais, de planificación, redacción e revisión, contando a presentación.		CA3.6. Producir en lingua galega textos escritos e multimodais sínxelos e coerentes en distintos soportes...individuais ou grupais, de planificación, redacción e revisión, contando a presentación.		Observación sistemática	Rúbrica e man autoinstruccións
	CA2.4. Participar de manera guiada no diseño de producções culturais e artísticas musicais...desde a igualdade e o respeito á diversidade.	CA2.4. Participar de manera guiada no diseño de producções culturais e artísticas musicais...desde a igualdade e o respeito á diversidade.	CA2.4. Participar de manera guiada no diseño de producções culturais e artísticas musicais...desde a igualdade e o respeito á diversidade.	CA2.4. Participar de manera guiada no diseño de producções culturais e artísticas musicais...desde a igualdade e o respeito á diversidade.		CA2.4. Participar de manera guiada no diseño de producções culturais e artísticas musicais...desde a igualdade e o respeito á diversidade.		Análise das producións dos alumnos e alumnas	Xogos de simulación e dramáticos
	CA2.1. Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando ferramentas e procesos adecuados.			CA2.1. Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando ferramentas e procesos adecuados.	CA2.1. Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando ferramentas e procesos adecuados.	CA2.1. Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando ferramentas e procesos adecuados.	CA2.1. Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando ferramentas e procesos adecuados.	Observación sistemática	Diarios de clase
CA3.5. Identificar problemas ecosociales, proponer posibles soluções e poñer en práctica hábitos de vida sustentable... e expresar os cambios positivos... e negativos causados no medio pola acción humana.	CA3.5. Identificar problemas ecosociales, proponer posibles soluções e poñer en práctica hábitos de vida sustentable... e expresar os cambios positivos... e negativos causados no medio pola acción humana.		CA3.5. identificar problemas ecosociales, proponer posibles soluções e poñer en práctica hábitos de vida sustentable... e expresar os cambios positivos... e negativos causados no medio pola acción humana.	CA3.5. identificar problemas ecosociales, proponer posibles soluções e poñer en práctica hábitos de vida sustentable... e expresar os cambios positivos... e negativos causados no medio pola acción humana.		CA3.5. identificar problemas ecosociales, proponer posibles soluções e poñer en práctica hábitos de vida sustentable... e expresar os cambios positivos... e negativos causados no medio pola acción humana.		Intercambios orais cos alumnos e alumnas.	Diálogo

Nesta sociedade na que impera a información, o noso alumnado tivo moitas dificultades para tratarla e entendela. Nas súas buscas prima a inmediatez, así as nosas orientacións foron encamiñadas a dar pautas que os axudasen a ser críticos e contrastar a información.

Priorizamos a competencia en comunicación lingüística. Así, coas tertulias e diversidade de charlas, aprenderon a falar sen medo ao erro. Hoxe saben que sen el non hai coñecemento. Adicámonos con mimo á escrita de diversos tipos de texto, comezando cos borradores onde se correxiron por parellas e dialogaron sobre os seu errores, así melloraron na escrita e na oralidade.

Compartimos a prioridade coa competencia dixital, onde foron capaces de seleccionar un número pequeno de páxinas e aplicacións do noso interese que aportaban información fiable e coherente. Innovaron traballando as competencias STEM (cartelería, deseño de cadernos, información...).

E crearon, vaia se crearon. Foron quen de transmitir documentación oral, coñecementos e técnicas que pasan de avós e avoas aos fillos/as, netas/os e que todos sentimos como identidade natural da vila. Hoxe son quen de salvagardar o noso patrimonio natural, e traballan para ser competentes na Conciencia e Expresións Culturais. Fixérono amodiño, con tenrura, da man dos naturalistas, das súas familias, das xentes da vila, das asociacións e da atenta mirada e orientación das e dos titores. Somos conscientes de que aínda queda moito por andar.

Os mestres tamén temos que seguir nesa formación, este ano recibimos un PFPP sobre tecnoloxías e atención á diversidade, entre outros, pero queda moito por afondar nun mundo onde as novas tecnoloxías son a primeira fonte de información á que acode o noso alumnado.

Polo que respecta aos procedementos e instrumentos empregados quedan reflectidos na táboa. A avaliación da escrita merecía unha rúbrica e por suposto a autoavaliamón do alumnado realizárona a través da avaliación da autoinstruccións de historias, onde unhas pistas os guían para facelo ben e os

axudan a reflexionar sobre o seu desempeño (deseñadas por <https://www.aulapt.org>). Para finalizar creamos unha avaliación online para que alumnado e familias valorara a aprendizaxe cooperativa con interactivos e así obter un feedback que nos axude a reflexionar e mellorar.

PRODUCIR TEXTOS CON INTENCIÓNS COMUNICATIVAS					
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	EXCELENTE	BEN	SUFICIENTE	INSUFICIENTE	
CONTIDO	Todas as ideas que se presentan teñen relación directa co tema e están presentadas con claridade.	Casi todas as ideas que se presentan teñen relación directa co tema e se presentan con bastante calidade.	Unha boa cantidade das ideas que se presentan teñen relación co tema. Pero deben presentarse con maior claridade.	As ideas teñen pouca ou ningunha relación co tema, están pouco definidas e non son claras.	
COHESIÓN	As ideas e a sintaxe presentanse nunha orde lóxica.	As ideas e a sintaxe seguen unha orde lóxica, ainda que algunha oración é excepcionalmente longa. (*)	As ideas non seguen unha orde lóxica.	As ideas non se presentan nunha orde lóxica e presenta oracións incompletas.	
ORTOGRÁFIA	Nón ten errores ortográficos.	Ten moi poucos errores e nempuñ se refíe á maiúscula nin ao punto.	Presenta bastante errores ortográficos, pero ningun se refíe ao punto nin á maiúscula.	Ten muitos errores ortográficos.	
PRESENTACIÓN	Cumple con todos os requisitos: marxes, letra flexible, limpeza e creatividade.	Cumple cos primeiros tres requisitos: marxes, letra flexible e limpeza.	Non cumple os tres requisitos básicos.	Non cumple case ningún requisito.	

(*) Fai perder a lectura.
Cando un alumno/a queda fóra de ese criterio porriba ou por debaixo é un indicador de que hai que adaptar os contidos para ese rapaz/a.



Foto 21: Producción de textos e rúbrica

>>> 10.- FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR EN TODO O PROCESO:

Este proxecto xermolou xa no fin do curso pasado, onde os mestres compartimos, no espazo da biblioteca, a necesidade de crear documentos sobre a nosa vila e os seus elementos (neste caso naturais), nesa tertulia tivemos a oportunidade de expoñer as nosas opiniós e deseñar un esbozo do que nos gustaría que acontecera. O equipo de bibliotecas únense así, unha vez más, motivadas polo interese dun ensino respectuoso coas nenas e os nenos, cos seus tempos, as súas motivacións e intereses. O compartiu con outros equipos e o incorporou aos programas. Así naceu e medrou “Naturalmente, aprendendo” dentro das liñas prioritarias do Plambe e enmarcado no currículo cedeirés.

A biblioteca brindou un ambiente para a conversa, un espazo informativo no que colaboramos todos (alumnado, familias, naturalistas, biólogas e o pobo en xeral), unha área para aportar ideas e novos puntos de vista. Un espazo rico, no que se optimizaron os recursos dispoñibles para argallar e cunha colección diversa que apoia ao proceso de ensino aprendizaxe. Durante un curso, foi a biblioteca, o lugar de aprendizaxe natural, o espazo onde todo cobra valor.

A continuidade no Plan LÍA está en grande medida ligada a estes avances nos recursos e no espazo da biblioteca, o cambio é a palabra que mellor define o proceso sufrido e do que este alumnado foi protagonista e primeiro beneficiario. Nas nosas mans e nas deles está sacarle o máximo proveito. Como sinala o IFLA/UNESCO School Library Manifesto 1999: “A biblioteca escolar oferta servizos de aprendizaxe, libros e outros recursos que permiten a todos os membros da comunidade escolar forxarse un pensamento crítico e utilizar eficazmente a información en calquera formato e medio de comunicación”.

A biblioteca ten hoxe en día un grande labor de servir de ponte cara ao mundo exterior, comunicando e difundindo as investigacións do alumnado, para que estas voen máis aló dos blogues, das web e das opiniós das familias.

Para nós a biblioteca Carlos Labraña foi un gran laboratorio creativo de aprendizaxe que permitiu convivir cos libros, a tecnoloxía e o patrimonio oral das nosas xentes.